



**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE
A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E A FUNDACIÓN CENTRO
TECNOLÓXICO DO MAR (FUNDACIÓN CETMAR) PARA O PROXECTO
“AMPLIAR AS OPORTUNIDADES DE EMPREGO E FONTES DE INGRESOS
SOSTIBLES PARA AS COMUNIDADES RURAIS E COSTEIRAS A TRAVÉS
DO FORTALECIMENTO DA ACUICULTURA RURAL E PESCA
ARTESANAL NA PROVINCIA DE CABO DELGADO, MOZAMBIQUE”.**

(1) A política da Xunta de Galicia en materia de cooperación para o desenvolvemento enmarcase no ámbito da Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento. No seu artigo 8 apartado 1 establécense, entre outros, como ámbitos de actuación preferentes en materia de cooperación galega para o desenvolvemento:

- A dotación e mellora das infraestruturas económicas, prestándolle especial atención ao desenvolvemento de proxectos de economía social, así como ao fortalecemento do tecido produtivo que favoreza o crecemento económico de base.
- O desenvolvemento científico e tecnolóxico

O vixente Plan Director da cooperación galega establece coma unha das orientacións estratéxicas a promoción de oportunidades económicas para as persoas en situación de pobreza e como unha das liñas de traballo da mesma o desenvolvemento da pesca e da acuicultura como sectores de especialización cun enfoque de seguridade e soberanía alimentaria, así mesmo neste Plan potenciase a promoción dunha cultura de avaliación, investigación e aprendizaxe no sistema galego de cooperación. Asemade, o Plan Director considera a Mozambique dentro das súas prioridades xeográficas.

(2) Antecedentes:

A Fundación CETMAR é o socio executor de referencia para as actuacións de cooperación para o desenvolvemento en materia de pesca e acuicultura. O CETMAR leva executando actuacións de cooperación para o desenvolvemento en Mozambique dende o ano 2003, grazas ao financiamento da Xunta de Galicia (tanto a través da



Consellería do Mar, como a través da D.X. de Relacións Exteriores e coa UE) e da Axencia Española de Cooperación para o Desenvolvemento (AECID).

(3) **Finalidade** Co fin de dar continuidade á colaboración co CETMAR para o fortalecemento das institucións pesqueiras e acuícolas en Mozambique tense previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2018 ata o 31 de decembro de 2018.

(4) O convenio ten por **obxecto** contribuír a loitar contra a pobreza, mellorar as condicións de vida e a seguridade alimentaria das comunidades rurais e áreas costeiras da provincia de Cabo Delgado, Mozambique, a través da ampliación das oportunidades de emprego e as fontes de ingresos sostibles, fortalecendo a acuicultura rural e a pesca artesanal.

(5) Tendo en conta as especificidades que se requiren nestas actuacións, que son de claro interese público, a experiencia da Fundación CETMAR para levalas a cabo, así como a súa necesaria posta en marcha e a natureza específica da entidade destinataria, a Dirección Xeral de relacións Exteriores e coa UE considera que o proxecto reúne os requisitos esixidos para a concesión directa da subvencións segundo o artigo 26 da Lei 9/2007, do trece de xuño, de subvencións de Galicia, e segundo o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, ao non ser posible promover a concorrência pública.

(6) A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, financiará o proxecto cun importe de setenta e cinco mil euros (75.000,00 €), con cargo ás aplicacións orzamentarias e distribución seguintes:

Aplicación	Importe
05.26.331A.490.0.	70.000,00
05.26.331A.790.0.	5.000,00





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Exteriores
e coa Unión Europea



(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Asinado electrónicamente en Santiago de Compostela
A Subdirectora Xeral de Cooperación Exterior.

Pilar Romero Rodríguez

